

1. COMIENZO

2. CASTELLANOS DE CASTILLA [<YouTube>](#)

de Rosalía de Castro, (audio2) [<enlace partitura>](#)

3. NOCTURNIO (vals) [<YouTube>](#)

de Curros Enríquez, (audio2) [<enlace partitura>](#)

4. CANTA SAPO CANTA (rock) [<YouTube>](#)

de Manuel Curros Enríquez, (audio2) [<enlace partitura>](#)

5. RELEMBRO DO HIRMÁN EMIGRANTE (bossa) [<YouTube>](#)

de Herminia Fariña Cobián, (audio2) [<enlace partitura>](#)

6. RELEMBROS (Vals) [<YouTube>](#)

de Herminia Fariña Cobián, (audio2) [<enlace partitura>](#)

7. ADIÓS RÍOS ADIÓS FONTES [<YouTube>](#)

de Rosalía de Castro, (audio2) [<enlace partitura>](#)

8. NEGRA SOMBRA [<YouTube>](#)

de Rosalía de Castro, (audio2) [<enlace partitura>](#)

9. UNHA NOITE NA EIRA DO TRIGO [<YouTube>](#)

de Manuel Curros Enríquez, (audio2) [<enlace partitura>](#)

10. CANTO DEL MARINO [<YouTube>](#)

de Herminia Fariña Cobián, (audio1) [<enlace partitura>](#)

11. SANTA MARÍA DE SIMES [<YouTube>](#)

de Herminia Fariña Cobián, (audio1) [<enlace partitura>](#)

11b. SIMES MI ALDEA QUERIDA [<YouTube>](#)

de Herminia Fariña Cobián, (audio1) [<enlace partitura>](#)

12. POMBA MIMOSA [<YouTube>](#)

de Herminia Fariña Cobián, (audio1) [<enlace partitura>](#)

13. SÓLO LÁGRIMAS [<YouTube>](#)

de Herminia Fariña Cobián, (audio1) [<enlace partitura>](#)

14. NEGRO CARAVEL MALDITO [<YouTube>](#)

de Rosalía de Castro, (audio1) [<enlace partitura>](#)

15. MÁGOAS NO CORAZÓN [<YouTube>](#)

de Rosalía de Castro, (audio1) [<enlace partitura>](#)

16. PR'HABANA ME VOU [<YouTube>](#)

de Rosalía de Castro, (audio3) [<enlace partitura>](#)

2. Castellanos de Castilla, poema polémico de Rosalía de Castro

- 1.) Castellanos de Castilla
tratade ben ôs **galegos**
cando van, van como rosas;
cando vén, vén como negros.
- 2.) Cando foi iba sorrindo
cando veu viña morrendo
a luciña dos meus ollos
o amantiño do meu peito.
- 3.) Aquél más que neve branco
aquél de dosuras cheio
aquél por quen eu vivía
e sin quen vivir non quero.
- 4.) Foi a Castilla por pan
e saramagos lle deron
déronlle fel por bebida
e peniñas de alimento.
- 5.) (estribillo)
Déronlle en fin, canto amargo
ten a vida no seu seo..
¡Castellanos, castellanos,
tendes corazón de ferro!
- 6.) ¡Ay! No meu corazonciño
xa non pode haber contento
que está de dolor ferido
que está de loito cuberto.
- 7.) Morreu aquel que eu quería
e pra min non hai consuelo
só hai para min, Castilla
a mala lei que che teño.
- 8.) **Permita** Dios, castellanos
castellanos que aborresco
que antes os **gallegos** morran
que suplicarvos sostento.
- 9.) Pois tan mal corazón tendes
secos fillos do deserto
que si amargo pan os ganan
dádeslo envolto en veneno.
- 10.) Aló van, malpocadiños
todos de esperanzas cheios
e volven, ¡ay!, sin ventura
con un caudal de desprezos.
- 11.) Van probes e tornan probes
van sans e tornan enfermos
que anque eles son como rosas
tratádelos como negros.
- 12.) ¡Castellanos de Castilla,
tendes corazón de aceiro
alma como as penas dura
e sin entrañas no peito!
- 13.) En trós de palla sentados
sin fundamentos soberbos
pensás que os nosos filliños
para serviros naceron.
- 14.) (estribillo)
E nunca tan torpe idea
tan criminal pensamento
coupo en más fatuas cabezas
ni en más fatuos sentimentos.
- 15.) Que Castilla e castellanos
todos nun montón a eito
non valen o que unha herbiña
destes nosos campos frescos.
- 16.) Sólo pesoñosas charcas
detidas no ardente suelo
tes Castilla que humedezan
esos teus labios sedentos.
- 17.) Que o mar deixóute olvidada
e lonxe de ti correron
as brandas augas que traen
de prantas cen semilleiros.
- 18.) Nin arbres que che den sombra,
nin sombra que preste alento
llanura é sempre llanura
deserto é sempre deserto.
- 19.) Esto che tocou, coitada
por herencia no universo
¡Miserable fanfarrona...!
Triste herensia foi por certo.
- 20.) En verdad non hai Castilla,
nada como ti tan feo,
que ainda mellor que Castilla
valera decir inferno.
- 21.) ¿Porqué aló foches meu ben?
¡Nunca tal houberas feito!
¡Trocá campiños frolídos
por tristes campos sin rego!
- 22.) ¡Trocá tan craras fontiñas
ríos tam murmuradeiros
por seco polvo que nunca
mollan as bágoas do ceo!
- 23.) (estribillo)
Mais ¡ay! **Onde** ti te foches,
sin dor do meu sentimento
i aló a vida che quitaron
aló a mortiña che deron.
- 24.) Morreches meu queridiño
e pra min non hai consuelo
que onde antes te vía,
xa só unha tomba vexo.
- 25.) Triste como a mesma noite
farto de dolor no peito
píolle a Dios que me mate
porque xa vivir non quero.
- 26.) Mais en tanto non me mata
castellanos que aborreso
hei para vergonza vosa
heivos de cantar xemendo.
- 27.) Castellanos de Castilla
tratade ben ôs **galegos**
cando van, van como rosas;
cando vén, vén como negros

[< al indice >](#)

[<enlace a la partitura>](#)

3. LÁGRIMAS, SÓLO LÁGRIMAS

texto de: Herminia Fariña 1902-1967

Te dí mis cantares
las más tiernas fragancias
el sueño de mis noches
mis azules miradas.
¿Que me diste tú en cambio?
¡Lágrimas... sólo lágrimas!

Te dí mis pensamientos,
la bondad de mi alma,
el dulzor de mis besos
y el porqué de mis ansias.
¿Que me diste tú en cambio?
¡Lágrimas... sólo lágrimas!

*Pero como en la vida
todo es fugaz y acaba,
por hundirse en el mundo
de sombras de la nada;*

*cuando me pidas besos,
canciones o miradas,
promesas y cariños,
pensamientos o ansias,*

*sólo hallarás el fruto
que en mi pecho sembrabas,
y te daré a raudales
¡Lágrimas... sólo lágrimas!*

Te dí mi amor virgíneo
con mil promesas cándidas
y el calor de las tuyas
tornó mis manos pálidas
¿Que me diste tú en cambio?
¡Lágrimas... sólo lágrimas!

[< al índice >](#)

[<enlace a la partitura>](#)

4. RELEMBRO DO HIRMÁN EMIGRANTE

Herminia Fariña 1902-1967

Cuciña da miña casa,
do meu curruncho labrego,
retellada por meu pai,
a das paredes de rebos,

a da lareira xeitosa
c' o mouro pote fervendo,
con caldo de navicol,
fabas lobas e unto vello;

a d'artesa de castaño,
chea de pan de centeio,
a das ristras de cebolas
e de chourizos raxentos.
namentras haixa en min vida,
¡xúroche que non ch'esquenzo!

Cuciña da miña casa,
preto da horta do Crego,
antre néboas e congostras
e trepezas de salgueiro,

coa ventán de cara o norte,
ond'asubían os melros,
qu'están sobor do canastro
que s'ergue ô pé do palleiro.

¡Ay, fogueiras de carolos,
pr'asar sardiñas do xeito!
¡Ay, miña nai enfornando
as bôlas de millo pego,
i-o viño corinto en cuncas,
quêra unha grória bebelo.

¡Cuciña dos meus amores,
fartura do chan galego,
quente e leda no invernío
com'un berce no sosego!

Dend'estas terras lonxanas
a onde cheguei de neno,
anque feliz antr'a loita,
¡non sabes canto che lembro!

E cando ôs meus fillos falo
do xantar d'aqueles tempos,
por Noite-Boa e por Páscoa,
pol'o antroido frebeireño,
¡aínda de bágoas meus ollos
móllanse pol'o relembro!

Os meus irmans rechoutando,
i-aquel meu abô tolleito,
i-o meu pai barbudo e forte,
i-o meu can, fel compañero.

A todos vos vexo ben,
cal si fora n'un espello,
lonxe... moi lonxe do mar,
mais do meu corazón perto.

Anque xa non volva a tí,
fogar santo e cariñento,
namentras haixa en min vida,
¡xúroche que non ch'esquenzo!
namentras haixa en min vida,
¡xúroche que non ch'esquenzo!

5. RELEMBRO VALS

Herminia Fariña 1902-1967

Cuciña da miña casa,
do meu curruncho labrego,
retellada por meu pai,
a das paredes de rebos,

a da lareira xeutosa
c' o mouro pote fervendo,
con caldo de navicol,
fabas lobas e unto vello;

a d'artesa de castaño,
chea de pan de centeio,
a das ristras de cebolas
e de chourizos raxentos.
namentras haixa en min vida,
¡xúroche que non ch'esquenzo!

¡Cuciña dos meus amores,
fartura do chan galego,
quente e leda no invernío
com'un berce no sosego!

Dend'estas terras lonxanas
a onde cheguei de neno,
anque feliz antr'a loita,
¡non sabes canto che lembro!

E cando ôs meus fillos falo
do xantar d'aqueles tempos,
por Noite-Boa e por Páscoa,
pol'o antroido frebeireño,
¡aínda de bágoas meus ollos
móllanse pol'o relembro!

Cuciña da miña casa,
preto da horta do Crego,
antre néboas e congostras
e trepezas de salgueiro,

coa ventán de cara o norte,
ond'asubían os melros,
qu'están sobor do canastro
que s'ergue ô pé do palleiro.

¡Ay, fogueiras de carolos,
pr'asar sardiñas do xeito!
¡Ay, miña nai enfornando
as bôlas de millo pego,
i-o viño corinto en cuncas,
quêra unha grória bebelo.

Os meus irmans rechoutando,
i-aquel meu abô tolleito,
i-o meu pai barbudo e forte,
i-o meu can, fel compañero.

A todos vos vexo ben,
cal si fora n'un espello,
lonxe... moi lonxe do mar,
mais do meu corazón perto.

Anque xa non volva a tí,
fogar santo e cariñento,
namentras haixa en min vida,
¡xúroche que non ch'esquenzo!
namentras haixa en min vida,
¡xúroche que non ch'esquenzo!

[< al indice >](#)

[<enlace a la partitura>](#)

6. NOCTURNIO VALS (poema de Manuel Curros Enríquez)

Da aldea lexana fumegan as tellas
detrás dos petoutos vai póndose o sol
retornan pr'os eidos, coa noite, as ovellas
triscando nas beiras o céspedo mol.
Un vello arrimado nun pau de sanguíño
O monte atravessa de cara ao pinal
vai canso; unha pedra topou no camiño
e nella sentouse pra folgos tomar.

*Ai -dixo- que triste. Que triste eu estou
e o sapo que oía repuxo: cro, cro....*

As ánemas tocan. Tal noite como esta
Queimóusem'a casa, morreum,a muller
Ardeum'a xugada na corte, i a besta
na terra a semente botouse a perder.
Vendín prós trabucos bacelos e hortas
e vou polo mundo d'entón a pedir
máis cando non topo pechada-las portas
os cans saenme a elas e fanme fuxir.

*Ai –canta- sapo canta, ti e eu somos dous.
E o sapo, choroso, cantaba cro, cro....*

Soliños estamos entr'ambos na Terra
máis nela un buraco ti encontrais, eu non.
A ti non te morden os ventos da serra
a min as entrañas e os ósos me roen.
Ti, nado nos montes, nos montes esperas
decote cantando teu térmeno ver
Eu, nado entr'os homes, durmindo entr'as feras
a morte non acho se quero morrer.

*Xa tocan, recemos, que dicen que hai Dios
El reza, e o sapo cantaba cro, cro.....*

A noite pechaba e o raio da lúa
nas lívidas cumes comeza a brilar
curisco que tolle, nas árbores brúa
Escóitase ao lexos o lobo ouvear.
O probe do vello, cos anos cansado,
ergueuse da pedra, no pau recadou
virou cara os ceos o puchxo pechado
e cara os touzales rosmando marchou.

*Cos ollos seguíndoo na escura extensión
o sapo quedouse cantando cro, cro*

7 CANTA SAPO CANTA (poema de Manuel Curros Enríquez)

Da aldea lexana fumegan as tellas
detrás dos petoutos vai póndose o sol
retornan pr'os eidos, coa noite, as ovellas
triscando nas beiras o céspedo mol.
Un vello arrimado nun pau de sanguiño
O monte atravesa de cara ao pinal
vai cando; unha pedra topou no camiño
e nela sentouse pra folgos tomar.

***Ai -dixo- que triste. Que triste eu estou
e o sapo que oía repuxo: cro, cro....***

As ánemas tocan. Tal noite como esta
Queimóusem'a casa, morreum,a muller
Ardeum'a xugada na corte, i a besta
na terra a semente botouse a perder.
Vendín prós trabucos bacelos e hortas
e vou polo mundo d'entón a pedir
máis cando non topo pechada-las portas
os cans saenme a elas e fanme fuxir.

***Ai –canta- sapo canta, ti e eu somos doux.
E o sapo, choroso, cantaba cro, cro....***

Soliños estamos entr'ambos na Terra
máis nela un buraco ti encontrais, eu non.
A ti non te morden os ventos da serra
a min as entrañas e os ósos me roen.
Ti, nado nos montes, nos montes esperas
decote cantando teu térmeno ver
Eu, nado entr'os homes, durmindo entr'as feras
a morte non acho se quero morrer.

***Xa tocan, recemos, que dicen que hai Dios
El reza, e o sapo cantaba cro, cro.....***

A noite pechaba e o raio da lúa
nas lívidas cumes comeza a brilar
curisco que tolle, nas árbores brúa
Escóitase ao lexos o lobo ouvear.
O probe do vello, cos anos cansado,
ergueuse da pedra, no pau recadou
virou cara os ceos o pucho pechado
e cara os touzales rosmando marchou.

***Cos ollos seguíndo na escura extensión
o sapo quedouse cantando cro, cro***

8. UNHA NOITE NA EIRA DO TRIGO

(poema de Manuel Curros Enríquez)

1.) Unha noite na eira do trigo
ao refreixo dun branco luar
unha nena choraba sin trégola
os desdéns dun ingrato galán.

E a coitada entre queixas decía
xa no mundo non teño a ninguén
vou morrer e non ven os meus ollos
os olliños do meu doce ben.

*Refrán 1.) Os seus ecos de melancolía
camiñaban nas alas do vento
e un lamento... repetía...
vou morrer e non vexo a o meu ben.*

2.) Lonxe dela de pe sobre a popa
d'un eleve e negreiro vapor
emigrando camiño de America
vai o probe e infeliz amador.

E o mirar as xentís anduriñas
cara a terra que deixa cruzar
quén poidera dar volta pensaba
quén poidera con vosco voar.

*Refrán 2) Mais as aves e o buque fuxían
sin ouir seus amargos lamentos
soio os ventos repetía
quén poidera con vosco voar.*

3.) Noites craras de aromas e lúa
dende entón que tristeza en nos hay
pra'os que viron chorar unha nena
pra'os que viron un barco marchar.

d'un amor celestial verdadeiro
quedou soio das bágoas a proba
unha cova n'un outeiro
e un cadavre no fondo do mar

9. ADIÓS RÍOS, ADIÓS FONTES

(poema de Rosalía de Castro)

Adiós ríos; adiós fontes;
Adiós regatos pequenos;
Adiós vista d'os meus ollos;
Non sei cándo nos veremos.

Miña terra, miña terra,
terra donde m'eu criei,
horiña que quero tanto
figueiriñas que prantei.

*Prados, ríos, arboredas
pinares que move o vento,
paxariños piadores
casiña d'o meu contento.*

*Muiños d'os castañares
noites craras d'o luar,
campaniñas timbradoiras
d'a igrexiña d'o luar.*

Amoriñas d'as silveiras
que eu lle daba ô meu amor
Camiñños antr'o millones
¡adiós para sempr'adiós!

¡Adiós gloria! ¡Adiós contento!
¡Deixo a casa onde nascín,
deixo a aldea que conoço
por un mundo que non vin!

*Deixo amigos por extraños,
deixo a veiga p'olo mar;
deixo en fin canto ben quero...
¡Quén puidera non deixar!...*

*Adiós, ríos; adiós fontes;
adiós regatos pequenos;
adiós vista d'os meus ollos,
non sei cándo nos veremos.*

10. NEGRA SOMBRA

(poema de Rosalía de Castro)

Cando penso que te fuches
negra sombra que me asombras
ao pe dos meus cabezales
tornas facéndome mofa.

Cando m'axino que es ida
n'o mesmo Sol te m'amostras
i eres a estrela que brila
i eres o vento que zoa.

*Si cantan es ti que cantas
si choran es ti que choras
i es o marmurio do río
i es a noite i es a aurora.*

*En ti está e ti es todo
pra min i en min mesmo moras
nin me deixaras ti nunca
sombra que sempre ma asombras.*

Nin me deixaras ti nunca
sombra que sempre me asombras...

la la la lá, la la la lá
la la la lá, la la la...

11. MÁGOAS NO CORAZÓN

Mais ó que ben quixo un día
si a querer ten afición,
sempre lle queda unha mágoa
dentro do seu corazón.

Aló nas tardes serenas,
aló nas tardes caladas,
fanse más duras as penas
que nas brandas alboradas.

Aló nas tardes sombrisas,
aló nas tardes escuras
fanse más cortas as risas,
máis negras as desventuras.

Eu ben sei destos secretos
que se esconden nas entrañas,
que rebolen sempre inquietos
baixo mil formas extrañas.

Eu ben sei destes tormentos,
que consomen e devoran,
dos que fan xemer os ventos,
dos que morden cando choran.

I anque ora, sorrindo canto,
anque ora, canto con brío,
tanto choréi, choréi tanto
como as auguiñas dun río.

Tiven en pasados días
fondas penas e pesares,
e choréi bágoas tan frías
como as auguiñas dos mares.

Tiven tan fondos amores
e tan fondas amarguras,
que eran fonte de dolores
nacida entre penas duras.

Ora río, ora contento
vou polas eiras cantando,
vindo de onde ven o vento
cando vou levar o gando.

Ora con grande sosiego
durmo na beira das fontes,
durmo na beira dos regos
durmo na punta dos montes.

Mais ó que ben quixo un día
si a querer ten afición,
sempre lle queda unha mágoa
dentro do seu corazón.

[< al indice>](#)

[<enlace a la partitura>](#)

12. POMBA MIMOSA (poema de Herminia Fariña) p. 76

Pombiña mimosa
pombiña sin fel
c'arrulas por min
i-arrulas por él.

Cand'aurora naza
tras do piñeiral
xa non m'as de vere
na fonte lavar
as miñas meixelas
da côr das mazáns.

Xa non aniñaréi na horta
que preto da igrexa está,
ond'a iauga arremuiña,
onde funga o vendaval,
onde cantan os paxaros,
ond'ai gaita i-alalás.

¡Que teño amarguexos!
¡Que teño pesar!
Pombiña lixeira,
miña pomba irmán
que crúza-lo espazo
en abrind'as ás.

Dille o meu amor que morro
sin non torna par'a cá;
¡dille que teño na i-alma
un trebón de soedá!

Zoa o vento no pinal,
sopra o mar embravecido,
ladran os cans no corral,
i-o meu corazón ferido
xeme tamén c'o seu mal
adoecido.

A'ldea xa está as escuras
cheia de malenconía
na miña i-alma as tristuras
xuntas loitan a porfía
sin que migas de dozuras
haixa n'esta noite fría.

A néboa emborrallantada
desfaise en chouva miuda,
namentras qu'esnaquizada
a miña i-alma xa muda,
dormes'a probe coitada
de pesar e sin axuda.

¿Son erratas de imprenta ou caprichos de Herminia?
no=**non**, irexa = **igrexa**, esfaise=**desfaise**, cuitada=**coitada**

13. CANTO DEL MARINO (Herminia Fariña)

1. Soy marino soy marino
tengo mi casa en el mar,
mi novia es una sirena
mi madre la soledad.

la tormenta mi inquietud
la calma mi bienestar,
mis amigas las gaviotas
mi musa la inmensidad

2. mi tristeza los recuerdos,
la luna y el sol mi altar.
En las noches de verano,
cuando las aguas están

verdes, quietas, transparentes
como un mágico cristal
en pie sobre la cubierta
yo me pongo a contemplar...

x. Faros que lejos oscilan,
olas que vienen y van,
estrellas que parpadean,
nítidas playas en paz,

horizontes pensativos
cenefas de espuma ideal,
barcas que en la azul planicie
se deslizan sin cesar...

(coro)

*Soy marino, soy marino,
paso la vida en el mar,*

1. Pálido absorto imagino
que allá en la orilla del mar
una joven pescadora
me espera con ansiedad

en un palacio de conchas,
de perlas y de coral.
Es leve como un suspiro,
linda como mi soñar,

2. triste, muy triste, si triste
como es mi realidad.
Pescadora blanca y fina
que no conocí jamás,

guarda mi sueño dorado
en la torre singular
de tu palacio de conchas
de perlas y de coral.

++++

x. Faros que lejos oscilan,
olas que vienen y van,
estrellas que parpadean,
nítidas playas en paz,

Soy marino, soy marino,
paso la vida en el mar,
mi novia es una sirena,
mi madre la soledad...

(coro)

*Soy marino, soy marino,
paso la vida en el mar,*

14. NEGRO CARAVEL MALDITO

(Rosalía de Castro)

Quíxente tanto meniña
tívenche tan grande amor
que para míñ eras lúa
branca aurora e craro sol.

Auga limpa en fresca fonte
rosa do xardín de Deus
alentiño do meu peito
vida do meu corazón.

Así che falín un día
camiñiño de San Lois
todo oprimido de angustia
todo ardente de pasión.

Mentras que tí me escoitabas
depinicando unha frol
porque eu non vise os teus ollos
que refrexaban traición.

Dempois que tí me dixeches
en proba de teu amor
dícheme un caraveliño
que gardín no corazón.

¡Negro caravel maldito
que me firéu de dolor!
Máis a pasar polo río
o caravel afondou.

¡Negro caravel maldito
que me firéu de dolor!
Tan bo camiño ti leves
com'o caravel levou.

¡ay! levou, Larala laralá

15. SANTA MARÍA DE SIMES poema de Her,imia Fariña Cobián

<p><coro intro></p> <p>Santa María de Simes a miña aldeia querida anque de ti lonxe viva non che teño esquecida.</p> <p><1a>Santa María de Simes terra de millo e centeio de uvas louras albariñas colmeas e limoeiros,</p> <p>de carballeiras sombrizas, d'escuros pinares mestos... Santa María de Simes maorazga dos cruceiros,</p> <p><es1>Dona de montes e agros, rica d'os piornos cheios. C'a sua'igrexa romana i-a Casa feudal dos Texos</p> <p>i-os restos do Priorato d'uns frades que non morreron pois en venturo qu'están na'outra morea dos séculos.</p> <p><1b>escoitando aquel paxaro armenteirán de San Ero. Vila de blasóns, fundada no mil cen; -gloreoso tempo- pol-a'Infanta Doña'Urraca, muller do Conde turreiro, o Don Ramón de Borgoña lanzal com'a flor dos ventos.</p> <p><coro intro: Santa María...></p>	<p><2a>Santa María de Simes con agua do río Loureiro i-as montanas de Dorrón vizosas de toxos crespos.</p> <p>Dend'a baranda de vidros que com'un balo d'espellos onde teñ'o meu curruncho de pan de lobo, de fentos,</p> <p><es2> de silvas, de cepas vellas, i-un ramallo de'oliveiro: vexo San Miguel de Lores i-os atallos de Castrelo,</p> <p>a vereda de Meaño que vai a Xil dos cereixos... E cal navalla de prata en sangue de cõr bermello,</p> <p><2b>alongas'o mar do Grove a'i-lla da Toxa n'un beixo... terra de roca e de fuso, de fol roxo e de pandeiro:</p> <p>Santa María de Simes c'a tu-a fonte n'outeiro; ¿O que escanzas é agua, ou é un maná do Ceio?</p> <p><coro intro: Santa María...></p> <p><3a>Ben me sabes de mañán cando da misiña veño e pouso' libro'e Rosáreo i'encaixe do meu mantelo,</p>	<p>n'esa pedra floreada c'asomell'a d'un Castelo, que te crobe amorosiña cal azas d'un anxo antergo.</p> <p><es3>Ti'és a pía bautismal dos meus aldeanos versos ti ves fresc'amant'e limpa hastr'as chagas do meu peito, e de dozuras de bicos cando mollas os meus beizos... Santa María de Simes escoita meu triste prego,</p> <p><3b>que fago' antre rechouchíos o Sol morno de frebeiro. Que cando m'eu morra teña na paz do teu adro egrexo,</p> <p>un anaquiño de terra pr'ascansar meu sono eterno... ¡Aldeia das miñas Musas no branco luar dos eidos!</p> <p><<(estrofa final 4a)>></p> <p>Xílgaros na miña tomba -caixón de verde piñeiro-, margaridas do teu val, ¡campanas pr'o meu enterro!</p> <p><coro intro></p> <p>Santa María de Simes a miña aldeia querida anque de ti lonxe viva non che teño esquecida.</p>
--	--	--

[< al indice>](#)

[<enlace a la partitura>](#)

16. PR'HABANA ME VOU

Vendéronlle as vacas,
vendéronlle os bois,
o pote do caldo, i a manta da cama.

Vendéronlle o carro
i as leiras que tiña;
deixárono soio, ca roupa vestida.

María, eu son mozo
pedir non me'é dado;
eu vou polo mundo, pra ver de ganalo.

Galicia está probe,
i a Habana me vou...
¡Adiós, adiós prendas, do meu corazón!

La la la la ra, la ra la rla lá..

[< al indice>](#)

[<enlace a la partitura>](#)